

# CEEPR ASPABER

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O centro educativo Aspaber, está sito na Brea s/n, en Carballo.

O correo electrónico: [centroeducativo@aspaber.com](mailto:centroeducativo@aspaber.com)

A páxina web que engloba a toda a asociación é: [www.aspaber.com](http://www.aspaber.com)

O centro conta actualmente con 3 aulas, 3 mestras titoras e unha persoa coidadora. Tamén contamos con personal específico, logopeda, psicóloga, traballadora social, pedagogo e fisioterapeuta.

É un centro específico para alumnado con Necesidades Educativas Especiais dependente da Xunta De Galicia. Nel están escolarizados alumnos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos de idade, con características diversas (plurideficiencias). Segundo o disposto no D. 229/2011, do 9 de decembro polo que se regula a atención o alumnado dos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para a escolarización no noso centro corresponde á xefatura territorial e deberá contar co ditame de escolarización emitido polos servicios de orientación, co informe de Inspección educativa e coa manifestación por escrito da vontade de nais, pais e titores e titores legais.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro de Aspaber está sito na Brea, nunha zona próxima a Carballo. No centro de educación especial Aspaber, o alumnado procede de distintas zonas de Bergatiños, Laxe, Baio, Cee, é dicir de diferentes puntos da Costa da Morte.

As características socioeconómicas e culturais do alumnado son moi variables, tanto temos familias com moi baixos recursos, que non dispoñen de conexión nin de dispositivos informáticos e familias que si teñen acceso.

No proxecto educativo do vixente curso non están incluídas as novas tecnoloxías, mais na vindeira programación irán incluídos os obxectivos neste eido, ademais dun proxecto específico de uso responsable das novas tecnoloxías.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Ao abeiro da presente lexislación

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

O claustro e a directiva do centro resollen a necesidade de implantar un Plan Dixital que respalde a consecución dos obxectivos para mellorar a calidade da oferta no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Somos un centro pequeno, polo que a totalidade do claustro amosou unha implicación total para a elaboración do Plan Dixital, levando en tempo e formas as tarefas encomendadas para a elaboración de cada un dos pasos dados neste proceso.

- Enquisa SELFIE para realizar un exercizo de autorreflexión da Competencia Dixital do centro.
- Test CDD de Competencia Dixital Docente
- Análise DAFO da situación dixital do centro
- Priorización de obxectivos e elaboración dun Plan de Acción con obxectivos SMART
- Redacción do Plan Dixital

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### A. Infraestrutura dixital:

- **Infraestrutura de datos**, o centro conta cun servidor que funciona a nivel xeral da Asociación.
- **Infraestrutura de voz** Extensión de teléfono no centro.
- **Conexións cableadas e sen fíos**. Temos dispoñibles, 2 ordenadores de mesa con conexión por cable, e un portátil tamén por cable, á disposición do profesorado, repartido un en cada aula.

## B. Equipamento:

Material Financiamento/Adquisición	Consellería (cheques de material escolar)	Asociación Aspaber
4 tablets		X
11 tablets	X	
1 ordenador portátil	X	
14 cristais de protección de tablets		X
14 fundas de protección de tablets		X
2 pizarras interactivas	X	
1 proyector con pizarra táctil	X	
1 ordenador portátil	X	

### Equipamento obsoleto ou en desuso:

- **6 tablets obsoletas**, que non funcionan correctamente.
- **1 tablet rota**, que non encende.
- **1 proyector con pantalla táctil** que tamén está obsoleto.

### Organización do centro en canto ao equipamento:

- **3 Aulas Dixitalizadas**, dúas con pantalla interactiva e 1 cun proyector e pantalla táctil. Todas elas con conectividade e posible interacción.
- 14 tablets con conexión inarámica.
- Non contamos con Proxecto educación dixital E-Dixgal
- Postos/Equipos de traballo de **xestión administración de centro**, están fora do centro educativo, no edificio de administración da Asociación.
- Non temos Equipos **Biblioteca**.

- A **sala de profesorado** non existe como tal, temos un aula multifuncional que *non* conta con equipo informático.
- O centro educativo non conta con aula TIC.
- **C. Servizos dixitais educativos:** A asociación conta cunha páxina web, pero non temos servizos dixitais corporativos.
- **D.- Xestión do mantemento:** A xestión e mantemento do equipamento do centro educativo é realizada por personal da asociación Aspaber con cualificación específica para dita tarefa, e tamén se conta co apoio do UAP, pertencente á Consellería de Educación.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	-	3,2
	Profesorado	4,4	3,3
	Alumnado	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	-	3,8
	Profesorado	4,3	2,8
	Alumnado	5	2,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	-	3,8
	Profesorado	3,5	4
	Alumnado	5	3,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	-	3,3
	Profesorado	3,3	3,4
	Alumnado	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	-	3,6
	Profesorado	5	4,4
	Alumnado	-	3,3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	-	3
	Profesorado	4,4	4,2
	Alumnado	5	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	-	2,4
	Profesorado	3,9	2,8
	Alumnado	-	2,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	-	2,8
	Profesorado	3,1	2,8
	Alumnado	4,2	2,3

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>L01 - Laboral</b>	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>91</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76.5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Educación Especial</b>	<u>91</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>72.1</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	<u>1</u>	<u>33%</u>
<b>B1</b>	-	-
<b>B2</b>	2	<u>66.7%</u>
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	3	<u>100.00%</u>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1.No noso centro, temos dispositivos portátiles administrados e propiedade do centro que o alumnado pode levar a casa cando sexa preciso.</p> <p>2.Dispoñemos dun Equipamento e conectividade para labores de administración en constante actualización, así como un bo servizo de mantemento das mesmas.</p>	Repositorio e bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe
	PERSOAL DOCENTE	<p>1. O noso profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo</p> <p>2.Realízanse actividades de aprendizaxe dixital que motivan ao alumnado</p>	
	PERSOAL NON DOCENTE	O noso persoal non docente emprega métodos adaptados ás necesidades para os rexistros.	
	ALUMNADO	No noso centro aprendemos a actuar de xeito responsable e a respectar aos demais cando empregamos internet	No noso centro debemos fomentar que o alumando aprenda a dar crédito ao traballo de outras persoas que atopamos en internet.
	FAMILIAS	Empregamos o método de comunicación adaptado e axeitado e de xeito individualizado a cada caso.	
	OFERTA	Dispoñemos dunha programación de actividades en colaboración con outros centros educativos e outras entidades da zona.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	No noso centro contamos cunha páxina web en uso e en constante actualización	O centro educativo debe estar máis visible nas redes sociais e na web.



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Formación para o DPC do profesorado no eido dixital.	
	LEXISLACIÓN	No noso centro respectamos os dereitos de autor e as licenzas de uso ao empregar tecnoloxías dixitais para a ensinanza-aprendizaxe.	
	CONTORNA	1.O contorno do centro favorece a unha educación rural de calidade 2.A asociación conta con colaboracións co Concello, con outros centros educativos e outras entidades da comarca e arredores.	
	ANPA		No noso centro educativo non contamos coa organización de pais, nais ou titores legais formando unha ANPA. Como asociación si, moi activa.
	OUTRAS ENTIDADES	No noso centro fanse colaboracións con outros centros de maneira regular e estable.	

### 3. Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Establecemos áreas prioritarias e determinamos os obxectivos (SMART específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan

“Área/s de mellora”: A LIDERADO						
<b>1. OBXECTIVO :</b>	Estratexia dixital (A1). Ampliar as publicacións da páxina web con contido específico do centro escolar.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	1 publicación mensual					
<b>Valor de partida</b>	Non se fan publicacións específicas de actividades do centro educativo					
<b>Valor previsto e data</b>	10 publicacións na páxina web específicas do centro educativo.			30-06-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (	
<b>AO1.1: Planificar os días conmemorativos ao longo do curso escolar</b>	3 mestras titoras	30 Setembro 2022	Calendario escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Planificar as actividades conmemorativas e actividades de carácter especial.</b>	3 mestras titoras	30 xuño 2023	Calendario escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

<b>A01.3: Documentar as actividades</b>	3 mestras titoras	30 xuño 2023	Cámara de fotos e vídeo		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.4: Redactar e maquetar as publicacións que se vaian facer na páxina web</b>	3 mestras titoras	30 xuño 2023	Programas e/ou aplicacións de edición de vídeos e fotografías		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

“Área/s de mellora”: H Competencias dixitais do alumnado						
<b>2. OBXECTIVO :</b>	Fomentar o emprego responsable das redes				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de sesións lectivas adicadas(rexistro por parte das titoras)					
<b>Valor de partida</b>	0 sesións					
<b>Valor previsto e data</b>	6 sesións			30 xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.1: Crear un grupo de traballo para planificar as sesións.</b>	3 titoras	30 de setembro 2022	Sala de reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Realizar enquisas ao alumando para coñecer/valorar os usos que fan das redes.</b>	3 titoras	15 outubro 2022	Formulario dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

<b>AO2.3: Desenvolver as sesións co alumnado</b>	3 titoras	30 xuño 2023			<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.4: Realizar un intercambio de experiencias de uso de redes co colexio St'Ítas de Irlanda.</b>	Equipo directivo	15 outubro 2022	Infraestructuras do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

- **Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Despois de todo o exposto no apartado 2.1, concluímos o seguinte:

O centro educativo ten **6 tablets obsoletas**, que non funcionan correctamente, polo tanto sería ben reemplazalas ou reparalas para levar a cabo a labor docente con apio neste tipo de dispositivos.

**1 tablet rota**, que non encende, esta sería imprescindible reemplazala.

**1 proyector con pantalla táctil** que tamén está obsoleto. A previsión para o vindeiro curso sería trasladar este dispositivo para a aula multifuncional e poder reemplazado por **1 pantalla interactiva** coma a das outras dúas aulas.

### 3. **Avaliación do plan**

O desenvolvemento do plan e a consecución de obxectivos, levarán un seguimento:

- No contexto da avaliación procesual realizarase unha vez ao trimestre. Valoraremos o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final realizaremos a avaliación do PD ao final do curso considerando, entre outros aspectos, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 4. **Difusión do plan**

O plan será promocionado entre a comunidade educativa mediante difusión por correo electrónico ás familias. Tamén poderá ser publicado na páxina web da asociación.